UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA

García Cacicedo, Raquel

Romero Cal, Sonia

PROXECTO LICENZA POR FORMACIÓN 2016/2017

ÍNDICE

a) PROXECTO
b) MATERIA, CURSO E ÁMBITO NO QUE SE DESENVOLVE
c) DESCRIPCIÓN DA UDI

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA DE APLICACIÓN
4. ESTRATEXIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
5. AVALIACIÓN

d) SOPORTE E FERRAMENTAS DO PROXECTO
e) ODES, UDIS OU RECURSOS QUE SE ACHEGARÁN
f) CRONOGRAMA DA ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DO PROXECTO
g) EXEMPLO DESENVOLVIDO
h) BIBLIOGRAFÍA E LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

a) PROXECTO

Proxecto para coñecer e clasificar diferentes instrumentos musicais según HORNBOSTEL e SACH. Esta clasificación é un contido a traballar en 5º e 6º de Primaria da área de Educación Musical (B1.9.Instrumentos: clasificación técnica segundo a producción do son aerófonos, cordófonos, idiófonos e electrófonos e B1.11. Instrumentos doutras culturas correspondentes ao Bloque 1: Escoita). *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Os instrumentos musicais poden ser clasificados según o material que están contruídos, según as características acústicas do propio instrumento ou según de que forma se produce o son. Téndese a agrupalos según as características que lle son común.

Na actualidade, o máis común en occidente é encontrarse coa clasificación en base ás características propias de cada instrumento, é dicir, instrumentos de vento, instrumentos de corda e instrumentos de percusión. Clasificación limitada na súa maior parte aos instrumentos utilizados na música clásica.

En niveis máis baixos de aprendizaxe esta clasificación é un bo comezo, pero este sistema non se axusta a instrumentos non occidentales e non é útil para clasificar instrumentos fóra da orquesta sinfónica.

b) MATERIA E ÁMBITO NO QUE SE DESENVOLVE ESTE PROXECTO

Este proxecto está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e ao alumnado con necesidades específicas de atención de apoio educativo asociado a discapacidade auditiva.

Propoñemos un proxecto interdisciplinar no que non só traballaremos os obxectivos e contidos da área de Educación musical, senón que daremos a posibilidade de que outros mestres e mestras implicados no proceso de ensinanza e aprendizaxe deste alumnado poidan participar neste proxecto co seu propio espazo. Poderán relacionar os contidos de Educación musical con contidos doutras áreas, o que favorecerá o desenvolvemento das competencias clave: Comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espíritu emprendedor (CSIEE), conciencia e expresións culturais (CCEC).

A lingua utilizada neste proxecto é a lingua galega polo que se pode levar na área de libre configuración autonómica de Lingua galega e literatura.

Tamén se pode utilizar este proxecto nas horas de libre configuración que afondan e/ou reforzan as áreas establecidas no currículo.

E no caso do centro onde impartimos docencia as solicitantes deste proxecto poderíamos levar a cabo este proxecto na área determinada no proxecto educativo do centro, Obradoiro de música e literatura.

Neste proxecto ten en conta para a realización do recurso a existencia de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociado a deficiencia auditiva polo que se facilitará o acceso aos contidos educativos a traballar mediante as adaptacións necesarias.

c) DESCRIPCIÓN DA UDI

O proxecto “Unha viaxe ao redor do mundo” é una unidade didáctica integrada (UDI) que ten como tarefa final coñecer e aprender a clasificación instrumental según Hornbostel e Sachs. Para conseguir este obxectivo o alumnado deberá realizar pescudas e resolver problemas para construir o seu propio coñecemento, a partir dunha viaxe musical polo mundo. A partir desta clasificación instrumental, se traballan outras áreas do currículo (ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua castelá e literatura, matemáticas, lingua galega e literatura, educación artística, valores cívicos e sociais e primeira lingua extranxeira).

Partindo dunha páxina web, o alumnado viaxa polos distintos continentes nos que se desenvolven nun mínimo de 8 Obxectos dixitais educativos (ODES) que se corresponden cos lugares de orixe (neste caso 6 seis continentes; América do Norte, América do Sur, Europa, África, Asia e Oceanía) dos instrumentos que queremos clasificar, unha 7ª ODE sobre Galicia e unha 8ª ODE con actividades Fin de Viaxe.

. Polo tanto a páxina tería 8 ODEs. A través deses instrumentos e as súas características, descubriremos distintos estilos musicales e curiosidades relacionadas con eles e o entorno no que se atopan.

1. OBXECTIVOS DA UDI:

Tendo en conta a **Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa** (Lei 8/2013 do 9 de decembro) o ***Real Decreto 126/2014* do 28 de febreiro,** que establece os contidos mínimos para toda a nación e o currículo de Educación Primaria, e o **Decreto 105/2014 do 4 de setembro** que establece o currículo para a Ed. Primaria na nosa comunidade, os contidos curriculares que traballarán neste proxecto son os seguintes:

- Competencias Clave: Tratarase de favorecer de forma global o desenvolvemento das competencias clave que se pretenden alcanzar. Concretaranse as competencias traballadas segundo as actividades de aprendizaxe integradas deseñadas para alcanzar máis dunha competencia ao mesmo tempo.
    - Comunicación lingüística (CCL)
    - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
    - Competencia dixital (CD)
    - Aprender a aprender (CAA)
    - Competencias sociais e cívicas (CSC)
    - Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor (CSIEE)
    - Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento das competencias en Comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e competencia dixital (CD).

- Obxectivos xerais: Traballaranse os seguintes obxectivos da etapa de Educación Primaria:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e empregar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer aspectos fundamentais das ciencias da naturaleza, das ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espíritu crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVO FINAL: CLASIFICACIÓN INSTRUMENTAL HORNBOSTEL E SACHS

Os instrumentos pódense clasificar:

A. Según modo de producción de sonido
   - Idiófonos (autoresonadores)
   - Membranófonos (vibra membrana o parche)
   - Cordófonos (vibra cuerda)
   - Aerófonos (vibra columna de aire)
   - Electrófonos (impulsos eléctricos, no vibraciones)

B. Según modo de execución
   - Percutidos o Golpeados
   - Sacudidos
   - Punteados
   - Frotados
   - Entrechocados
   - Rascados

C. Según modo de construcción
   - Madera
   - Metal

CLASIFICACIÓN INSTRUMENTAL HORNBOSTEL E SACHS
INSTRUMENTOS QUE SE PRESENTAN NA UDI

AMÉRICA DO NORTE: acordeón, guitarra eléctrica, violín, harmónica, táboa de lavar e ukelele.

AMÉRICA DO SUR: agogó, apito de samba, bongos, claves, frauta de pan, ganza, güiro e maracas.

EUROPA: bodhram, castañolas, frauta doce, frauta whistle, guitarra, melódica, mirlitón, peón e pianola.

ÁFRICA: cabasa, djembé, kalimba, kaxixi, pao de choiva e trompeta.

ASIA: crótalos, cunca tibetana, darbuka, erhu, gong, axóuxeres e axóuxere xavanés.

OCEANÍA: didgeridoo, kalaau e zumbadora.

GALICIA: birimbao, carraca, charrasco, chocallos, cunchas, gaita, pandeira, pandeireta, pandeiro cadrado, tarrañolas e zanfona.

1) IDIÓFONOS
   - Percutidos o Golpeados: charrasco, chocallo, pandeireta, agogó, cunca tibetana, gong
   - Sacudidos: ganza, maracas, axóuxere, kaxixi, pao de choiva
   - Punteados: birimbao, pianola, kalimba
   - Fretados: cunchas, cunca tibetana, cabasa
   - Entrechocados: tarrañolas, castañolas, kalaau, claves, crótalos
   - Rascados: carraca, güiro, táboa de lavar

2) MEMBRANÓFONOS
   - Pandeira, pandeiro cadrado, bodhram, mirlitón, bongos, darbuka, axóuxere xavanés, djembé

3) CORDÓFONOS
   - Punteados: guitarra, ukelele
   - Fretados: zanfona, violín, erhu

4) AERÓFONOS

- Sopro directo: gaita, frauta doce, frauta whistle, melódica, didgeridoo, apito de samba, frauta de pan, armónica, trompeta
- Sopro indirecto: peón, zumbadora, acordeón

5) ELECTRÓFONOS

- Amplificado eléctricamente: guitarra eléctrica

2. CONTIDOS:

Os contidos da área de Educación Musical están divididos en 3 bloques de contidos. Neste proxecto traballaremos os seguintes contidos pertencentes aos bloques 1 e 2

Bloque 1: Escoita

B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a producción do son (aerófonos, cordófonos, idiófonos e electrófonos).

B1.11. Instrumentos doutras culturas.

Bloque 2: Interpretación musical

.

B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

B2.10.Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información,en soporte impreso e dixital sobre instrumentos.

3. METODOLOXÍA DE APLICACIÓN:

Tomando como referencia o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia que establece un currículo baseado na adquisición polo alumnado das competencias clave que priman sobre os contidos, aplicaremos una metodoloxía que fortalecerá:

- a educación dixital: aprenderemos a manexar páxinas web, videoleccións, recursos textuais multimedia, imaxes, arquivos sonoros e actividades Lim.
- actividades de aprendizaxe integradas que incluirán elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.
- a atención á diversidade: principio metodolóxico e valor fundamental para todo o alumnado. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; neste caso, alumnado con discapacidade auditiva.
- estructuras de aprendizaxe cooperativa que posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán una axeitada atención á diversidade.

O recurso pode utilizarse tanto individualmente como a nivel grupo para que nun traballo en equipo colaboren na consecución do obxectivo final.

Para alcanzar o obxectivo final, propoñemos unha ODE Fin de viaxe con un glosario e actividades Lim finais de avaliación dos obxectivos referidos a área de Educación Musical.

4. ESTRATEXIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A Educación Primaria é a primeira etapa de ensino obrigatorio e como tal nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades, acudindo ás medidas organizativas e/ou curriculares oportunas.

Unhas medidas que garanten o desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa e tamén que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Neste proxecto tendo en conta o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociado á discapacidade auditiva, centrarémonos principalmente en facilitar o acceso ao currículo a este alumnado (utilización do máximo número posible de apoios visuais como imaxes, recursos textuais multimedia, videos con subtítulos e un glosario no que se explicarán termos que poden

supoñer dificultade para as persoas con discapacidade auditiva como por exemplo vibración ou resonación.



5. AVALIACIÓN

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables.

No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente con indicadores e aspectos a avaliar que nos faciltará establecer una avaliación plena do desenvolvementodo recurso e rediseñar propostas de mellora.

A LOMCE introduce no currículo de todas as áreas, xunto aos bloques de contidos e aos criterios de avaliación, os “estándares de aprendizaxe” que marcarán o referente de indicadores para a avaliación e a promoción.

O Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia indican que os entándares de aprendizaxe “teñen que ser observables, medibles e avaliables xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables”.

Os estándares de aprendizaxe dos contidos da área de Educación musical detállanse a continuación xunto co criterio de avaliación correspondente:

- Criterio avaliación: B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.

  - Estándares de aprendizaxe:

EMB1.5.1.Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
EMB1.5.2.Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, idiófonos e electrófonos).
EMB1.5.3.Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

- Criterio avaliación: B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

  - Estándares de aprendizaxe:

B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado

- Criterio de avaliación: B2.3.Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

  - Estándares de aprendizaxe:

B2.10.Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información,en soporte impreso e dixital sobre instrumentos.

✓ Avaliación do alumnado: informarase ao alumnado como se avaliará o seu traballo mediante os diversos criterios:

  - Consecución dun mínimo de actividades finais que cada mestre pode establecer ao seu criterio, que permitirá ao alumnado conseguir o obxectivo final. As actividades Lim posúen a opción de comprobar se a actividade é correcta, a relación de actividades realizadas correctamente e as veces que precisaron realizar a actividade para acadar o obxectivo proposto nas actividades.

- Rúbricas para a autoavaliación do alumnado.

AUTOAVALIACIÓN DO ALUMNADO					
	1 (menos)	2	3	4	5 (máis)
Gustouche a actividade					
Esforzácheste na realización da tarefa					
Visitaches as ligazóns recomendadas para investigar					
Colaboraches cos compañeiros para realizar a tarefa					
Conseguiches adquirir novos coñecementos realizando esta actividade					

- Rúbricas para a avaliación das actividades.

AVALIACIÓN ACTIVIDADES					
	1 (menos)	2	3	4	5 (máis)
Dificultade para resolver as actividades					
Custoulle atopar a información a investigar					
Interesouche o tema do recurso					
Resultouche atractivo o recurso					
Dificultade manexo do recurso					

✓ Avaliación dos procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente mediante os seguintes criterios:

- Rúbricas para a autoavaliación do profesorado.

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO					
	1 (menos)	2	3	4	5 (máis)
Dificultad presentación do recurso (vocabulario…)					
Uso de estratexias para facilitar a comprensión de contidos (establezo relación entre os temas, relaciono o recurso coa vida cotiá…)					
Uso metodoloxías e estratexias para manter o esforzó e interés (son flexible)					
Explico os criterios de avaliación con claridade					
Interacción co alumno (estilo de ensino)					

- Rúbricas para a avaliación do recurso educativo (funcionalidade, viabilidade e motivación das actividades).

AVALIACIÓN DO RECURSO					
	1 (menos)	2	3	4	5 (máis)
Dificultade para resolver as actividades					
Dificultade para atopar a información a investigar					
Interese e motivación polo tema do recurso					
Utilidade do recurso					
Dificultade manexo do recurso					

- Rúbrica para a avaliación do nivel de adquisición de obxectivos de forma global.

AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES					
	1	2	3	4	5
Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos					
Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, idiófonos e electrófonos)					
Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas					
Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado					
Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información,en soporte impreso e dixital sobre instrumentos					

1: con dificultade 2: en proceso 3: sen dificultade 4: ben 5: moi ben

d) FERRAMENTAS DO PROXECTO

Este recurso educativo non precisa de instalación previa nin de software específico para a súa visualización. Dado que se trata dun conxunto de páxinas *.html* tan só se require dun navegador web que teña instalado Adobe Flash Player.

A execución e visualización do recurso iníciase abrindo o arquivo “index.html” contido dentro das carpetas de cada ODE. Verificouse o correcto funcionamento cos navegadores Safari 9.0.1 e Mozila Firefox 49.0.2.

Este recurso educativo conta coa licenza creative commons cc-by-sa .

e) ODES, UDIS OU RECURSOS QUE SE ACHEGAN

O conxunto do recurso que se presenta conforma una UDI titulada “ A viaxe de Batuta”, que ten como obxectivo final coñecer e aprender a clasificación instrumental según HORNBOSTEL e SACH, ao tempo que se vincula co resto das áreas do currículo de 5º e 6º de Educación Primaria.

Partindo de páxinas web (html), esta UDI está formada por 8 ODEs en total. Seis de estas ODEs correspóndense cos 6 continentes que imos a traballar (América do Norte, América do Sur, Europa, Asia, África e Oceanía) e una 7ª ODE de Galicia e unha 8ª ODE Fin de Viaxe.

Cada ODE dos continentes está estructurada do mesmo xeito; iniciase cun vídeo presentación do continente a traballar e dende alí podemos acceder a varios iconos de instrumentos característicos dese continente e a un icono de *curiosidades* co que accederemos a actividades Lim con actividades referidas a área de educación musical e ó resto de áreas do currículo que imos traballar.

A ODE Fin de Viaxe estará composta por un glosario, actividades Lim finais de avaliación exclusivamente da área de Educación Musical.

UDI: A VIAXE DE BATUTA

ODE 1: AMÉRICA DO NORTE

ODE 2: AMÉRICA DO SUR

ODE 3: ÁFRICA

ODE 4: OCEANÍA

ODE 5: ASIA

ODE 6: EUROPA

ODE 7: GALICIA

ODE 8: VIAXE FINAL

f) BIBLIOGRAFÍA E LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

- ✓ Bibliografía:
  - Atlas de los instrumentos del mundo (1994*); Maersch,Klaus; Rohde, Ulrich; Seiffert, Otto; Singer, Ute; Alianza Editorial*
  - Enciclopedia Ilustrada de los instrumentos musicales (2006): Todas las épocas y regiones del mundo; *Abrashev, Bozhidar; Gadjev, Vladimir; Editorial H.F. Ullmann*

- ✓ Lexislación de referencia:

  - Lei Orgánica 8/2015, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
  - Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.
  - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación.
  - Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria